



Expediente 6752/2016

**Sesión Extraordinaria número 14 celebrada polo Pleno do Concello o día
04 de outubro de 2016**

ORDE DO DÍA

Único.- Aprobación da Conta Xeral correspondente ao ano 2015.

Na Sala de Sesións do Pleno da casa do Concello, sendo as oito horas e trinta minutos do 4 de outubro de 2016 coa presidencia do Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Non asiste excusando a súa ausencia os concelleiros Jesús Crespo López e Ricardo Figueroa Rodríguez.

A concelleira María Teresa París Blanco incorpórase unha vez iniciada a sesión e o concelleiro Bernardo Crespo Abal incorpórase antes da votación.

ÚNICO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ANO 2015.

ANTECEDENTES:

Expediente relativo á Conta Xeral do Concello de Redondela do ano 2015 co seguinte resumo:

ANEXO

CONTA XERAL DO CONCELLO

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



A) **BALANCE DE SITUACIÓN:** Que expresa a composición e situación patrimonial da entidade o día do peche do exercicio; resulta cun total (ACTIVO e PASIVO) de: 50.111.132,68 euros.

B) **CONTA DE RESULTADOS:** Que recolle os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. Produciuse un aforro de 2.685.458,53 € (mais ingresos que gastos), clasificándoos segundo a súa fonte de procedencia nas seguintes apartados:

INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA: 16.777.820 €

1) **INGRESOS TRIBUTARIOS E URBANÍSTICOS:** Está formado polos ingresos de impostos (6.968.676,10 €), taxas (1.729.765,14 €), contribucións especiais e ingresos urbanísticos, estes últimos dous sen contía. A cantidade total ascende a 8.698.441,24 €.

2) **TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS RECIBIDAS:** Recolle os fluxos reais que se produzan durante o exercicio como consecuencia das subvencións e transferencias concedidas ó Concello, distinguindo as do exercicio (recibidas para financiar gastos do exercicio -1.201.239,67 €-, transferencias -6.531.736,21 €-, e as recibidas para cancelación de pasivos que non supoñan financiamento específico dun elemento patrimonial, sen movemento), as de imputación de subvencións para o inmovilizado non financeiro (71.683,51 €). Como o último apartado, imputación de subvencións para activos correntes e outras non ten movemento, a cantidade total deste apartado ascende a 7.804.659,39 €.

3) **VENDAS E PRESTACIONES DE SERVICIOS:** Destínase a recolle-los fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia das vendas, da prestación de servizos e da imputación de ingresos por activos construídos ou adquiridos para outras entidades, non tendo movemento nin o primeiro nin o terceiro apartado, supondo deste xeito, a cantidade de 14.163,96 €.



4) VARIACIÓN DE EXISTENCIAS DE PRODUCTOS TERMINADOS E EN CURSO DE FABRICACIÓN E DETERIORO DO VALOR: sen movemento.

5) TRABALLOS REALIZADOS POLA ENTIDADE PARA O SEU INMOBILIZADO: sen movemento.

6) OUTROS INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA: Está formado polos ingresos por arrendamentos e outros ingresos. A cantidade global ascende a 260.555,41 €

7) EXCESOS DE PROVISIÓNS: sen movemento.

GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA: 13.665.838,92 €

8) GASTOS DE PERSOAL: Recolle os fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia de gastos de persoal (5.926.722,57 €) e da seguridade social a cargo da empresa (249.372,39 €),

9) TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONES CONCEDIDAS: Recolle os fluxos reais que se produzan durante o exercicio como consecuencia das subvencions e transferencias outorgadas polo Concello, tanto as correntes (811.264,51 €) coma as de capital (519,89 €), e da un resultado de 811.784,40 €.

10) APROVISIONAMENTOS: Destínase a recolle-los fluxos reais producidos durante o exercicio como consecuencia da consumo de bens e outro materiais, así como o deterioro de materias primas e outros aprovisionamentos. O seu importe ascendeu a 0,00 €.

11) OUTROS GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA: neste apartado recóllense os subministros e servizos exteriores (6.429.438,68 €), tributos (10.873,29 €) e outros (0 €).

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



O importe final ascende a 6.440.311,65 €.

12) AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO: ascende a cantidade a 237.647,91 €.

RESULTADO DAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS: 31.873,26 €

13) DETERIORO DE VALOR E RESULTADOS POR ENAXENACIÓN DO INMOBILIZADO NON FINANCEIRO E ACTIVOS EN ESTADO DE VENDA: sen movemento nos seus tres apartados.

14) OUTRAS PARTIDAS NON ORDINARIAS: que se dividen en ingresos (31.873,26 €) e en gastos (0 €).

RESULTADOS DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

15) INGRESOS FINANCEIROS: presentado movemento so en valores representativos de débeda, de créditos e de outros investimentos financeiros (89.017,53 €).

16) GASTOS FINANCEIROS: que se divide nos realizados en entidades do grupo, multigrupo e asociadas e outros (94.871,31 €).

17) GASTOS FINANCEIROS IMPUTADOS Ó ACTIVO: sen movemento.

18) VARIACIÓN DO VALOR RAZONABLE EN ACTIVOS E PASIVOS FINANCEIROS: sen movemento.

19) DIFERENCIAS DE CAMBIO: sen movemento.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



20) DETERIORO DE VALOR, BAIAS E ENAXENACIÓNS DE ACTIVOS E PASIVOS FINANCEIROS: que se divide en entidades do grupo, multigrupo e asociadas e outros (452.542,03 €).

21) SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DE OPERACIONES FINANCEIRAS: sen movemento.

C) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO: informa da contía e composición do patrimonio neto da entidade e das causas ou motivos da súa variación. Consta de tres partes: 1) Estado total de cambios no patrimonio neto, 2) Estado de ingresos e gastos recoñecidos e 3) Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias.

D) ESTADO DE FLUXO DE EFECTIVOS: informa da orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta sufrida polas mesmas no exercicio

E) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO: Conforme ó establecido na IC estrutúrase nas seguintes partes contemplándoas cos pertinentes resumos xerais:

PRIMEIRA PARTE:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS: Que recolle o total dos créditos orzamentarios (20.785.996,51 euros), expresando os créditos iniciais (16.780.256,19 euros) e a suma das modificacións de crédito (4.005.740,32 euros); os gastos comprometidos (19.055.641,30 euros); o total das obrigacións recoñecidas netas (18.566.611,52 € euros); os pagos (17.056.741,00 euros); as obrigas pendentes a 31 de decembro (1.509.870,52 €) e o total dos remanentes de crédito (2.219.384,99 euros).

A información preséntase a nivel da bolsa de vinculación xurídica e de aplicación orzamentaria.



SEGUNDA PARTE:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS: Que presenta o importe das previsións definitivas (22.522.461,35 euros), distinguindo entre previsións iniciais (18.516.721,03 euros) e modificacións (4.005.740,32 euros), o total dos dereitos recoñecidos (20.150.745,70 euros); dereitos anulados (667.621,32 euros); dereitos cancelados; o total dos dereitos recoñecidos netos (19.483.124,38 euros); a recadación neta (18.622.483,64 euros); os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro (1.504.069,47 euros), así como as comparacións entre ambos por defecto e por exceso (-3.039.336,97 euros).

TERCEIRA PARTE:

RESULTADO ORZAMENTARIO: Pon de manifesto o obtido durante o exercicio por diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigacións recoñecidas netas, axustado polas desviacións positivas de financiamento imputables ó exercicio e polos gastos financiados con remanente líquido de tesourería, e dá un resultado orzamentario axustado positivo de 386.807,17 euros, de acordo co seguinte:

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS		DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) Operacións correntes		16.616.013,36	13.468.355,05		3.147.658,31
b) Outras operacións non financeiras		2.751.022,45	4.052.022,27		-1.300.999,82
					0,00
1. Total operacións non financeiras (a+b)		19.367.035,81	17.520.377,32		1.846.658,49
c) Activos financeiros		7.200,00	8400		0,00
d) Pasivos financeiros		108.888,57	1.039.034,2		-930.145,63
2, Total operacións financeiras (c+d)		116.088,57	1.046.234,2		-930.145,63
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I=1+2)		19.483.124,38	18.566.611,52		916.512,86
AXUSTES	3. Créditos gastados financiados con RTGG			538.619,63	
	4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			1.968.106,87	
	5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			2.008.173,84	
	TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)			498.552,66	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)					1.415.065,52

F) MEMORIA DA CONTA XERAL: Que segundo a IC recolle:

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



1º) ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE: Que presenta un resumo da organización do Concello, coa poboación e outros datos de carácter socioeconómico que contribúen a identificación da entidade, norma de creación da entidade, actividade principal da entidade, o seu réxime xurídico, económico-financeiro e de contratación, a descrición das principais fontes de financiamento da entidade, a consideración fiscal da entidade a efectos do imposto de sociedades e, no seu caso, operacións suxeitas o IVE e porcentaxe de prorrata, a estrutura organizativa nos seus niveis político e administrativo, o número medio de empregados durante o exercicio e a 31 de decembro, tanto funcionarios como persoal laboral, distinguindo por categorías e sexos as entidades das que dependen, identificación, no seu caso, da entidade ou entidades propietarias e porcentaxe de participación destas no patrimonio da entidade contable e identificación, no seu caso, das entidades do grupo, multigrupo e asociadas das que forme parte a entidade contable, indicando a súa actividade, así como a porcentaxe no capital social ou patrimonio de cada unha delas, entidades dependentes, entidades públicas participadas, fundacións das que forman parte do seu padroado.

2º) XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS, CONVENIOS E OUTRAS FORMAS DE COLABORACIÓN: presenta catro apartados:

Xestión indirecta dos servizos públicos: Que detalla os servizos que se prestan de forma indirecta e que no ano 2015 foron o servizo de explotación dun aparcamento de vehículos automóbiles, o servizo de xestión de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbáns, servizo de xestión do servizo público “piscina climatizada de Redondela”, o servizo de xestión do servizo público “centro de deportes acuáticos de Chapela” e o servizo de auga e saneamento. Especificase o seu obxecto, forma de xestión, prazos, Subvencións comprometidas, Bens de dominio público afectos, Achegas non monetarias, Anticipos reintegrables, data de contratación, e Bens obxecto de reversión.

Convenios: obxecto e prazo das transferencias e subvencións comprometidas.

Actividades conxuntas que non requiran a constitución dunha nova entidade e que non estean contempladas nas notas anteriores

Outras formas de colaboración público-privadas.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



3º) BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS: recóllense os principios contables, a comparación da información, as razóns e incidencias nas contas anuais dos cambios de criterios de contabilización e a información sobre cambios en estimacións contables cando sexan significativos.

4º) NORMAS DE VALORACIÓN: respecto a diferentes elementos do balance.

5º) INMOBILIZADO MATERIAL: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final.

6º) PATRIMONIO PÚBLICO DO SOLO: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final. Non hai movemento.

7º) INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final. Non hai movemento.

8º) INMOBILIZADO INTANXIBLE: Recolle o saldo inicial, as entradas ou dotacións, aumentos por transferencia ou traspaso doutra conta, Saídas, baixas ou reducións, diminucións por transferencia ou traspaso doutra conta, corrección de valor, amortización do exercicio e Saldo final.

9º) ARRENDAMENTOS FINANCEIROS E OUTRAS OPERACIÓNS DE NATUREZA SIMILAR: Recolle a clase de activo, o importe de recoñecemento inicial,



a súa valoración, a opción de compra, acordos significativos e natureza dos activos. Non hai movemento.

10º) **ACTIVOS FINANCEIROS:** Recolle información relacionada co balance, información relacionada coa conta do resultado económico-patrimonial, información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de xuros e outra información.

11º) **PASIVOS FINANCEIROS:** Recolle situación e movementos das débedas, liñas de crédito, información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de xuros, avais e outras garantías concedidas, e outra información.

12º) **COBERTURAS CONTABLES:** sen información.

13º) **ACTIVOS CONSTRUÍDOS OU ADQUIRIDOS PARA OUTRAS ENTIDADES E OUTRAS EXISTENCIAS:** A nivel de partida de balance se informará sobre circunstancias que motivaron correccións valorativas ou a súa reversión, o importe de custes capitalizados, as limitacións da dispoñibilidade e calquera outra circunstancia de carácter sustantivo que afecte a titularidade, valoración ou dispoñibilidade dos activos. Sen operacións.

14º) **MOEDA ESTRANXEIRA:** A nivel de partida de balance se informará dos elementos do activo e pasivo denominados en moeda estranxeira e o importe das diferencias de cambio recoñecidas no exercicio.

15º) **TRANSFERENCIAS, SUBVENCÍONS E OUTROS INGRESOS E GASTOS:** Recolle o importe e características das transferencias e subvencións recibidas, cuxo importe sexa significativo, así como sobre o cumprimento o incumprimento das condicións impostas para a percepción e disfrute das subvencións, o criterio de imputación a resultados e os importes imputados e importe e características das transferencias e subvencións concedidas, cuxo importe sexa significativo.



16º) PROVISIONS E CONTINXENCIAS: sen operacións.

17º) INFORMACIÓN SOBRE MEDIOAMBIENTE: Recóllese por un lado as obrigas recoñecidas no exercicio con cargo a cada grupo de programas da política de gasto 17, “Medio Ambiente” e o importe dos beneficios fiscais por razóns medioambientais que afecten ós tributos propios.

18º) ACTIVOS EN ESTADO DE VENDA: descrición detallada dos activos en estado de venda cando o seu importe sexa significativo. Sen operacións.

19º) PRESENTACIÓN POR ACTIVIDADES DA CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL: clasifica os gastos económicos incluídos na mesma por actividades cumprindo as normas recollidas no plan.

20º) OPERACIÓN POR ADMINISTRACIÓN DE RECURSOS POR CONTA DOUTROS ENTES PÚBLICOS: sen operacións.

21º) OPERACIÓN NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA: Presenta información sobre acredores e debedores non orzamentarios e partidas de cobros e pagos pendentes de aplicación definitiva.

22º) CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA. PROCEDIMENTOS DE ADXUDICACIÓN: Información, por tipos de contratos, sobre os importes adxudicados segundo os diferentes procedementos establecidos na normativa vixente sobre contratación.

23º) VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO: de ser o caso, recóllense os diferentes avais depositados no ente.

24º) INFORMACIÓN ORZAMENTARIA: presenta os seguintes estados:

Concello de Redondela



24.1 – EXERCICIO CORRENTE:

GASTOS

ESTADO DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO: Presentará as modificacións autorizadas durante o exercicio de acordo co regulado pola IC, cunha suma total de 4.005.740,32 euros.

REMANENTES DE CRÉDITO: presenta de modo diferente a información xa contida no estado de liquidación orzamentaria.

ACREDORES POR OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR Ó ORZAMENTO: recóllese a descrición do gasto, aplicación orzamentaria á que se deba imputar, o seu importe e o importe pagado, no seu caso, a 31 de decembro.

INGRESOS

PROCESO DE XESTIÓN: Recolle información sobre os dereitos anulados, cancelados e sobre a recadación neta dos ingresos recoñecidos no orzamento presentando de modo diferente a información xa contida no estado de liquidación.

DEVOLUCIÓN DE INGRESOS: recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.

COMPROMISOS DE INGRESOS: recóllese os incorporados de orzamentos pechados, os realizados no exercicio os realizados e os pendentes de realizar.

24.2 – EXERCICIOS PECHADOS



OBRIGAS DE ORZAMENTOS PECHADOS: para cada ano recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, as recoñecidas no exercicio, o total de devolucións recoñecidas, as prescricións das mesmas, as pagadas no exercicio e os pendentes de pago.

DEREITOS A COBRAR DE ORZAMENTOS PECHADOS: para cada ano recóllese o pendente de pago a 1 de xaneiro, as súas modificacións, os dereitos anulados e o total dos mesmos.

Nunha segunda parte amosa tamén para cada ano os dereitos cancelados por cobro en especie, insolvencias e outras causas e por prescricións; a suma dos mesmos; a súa recadación e os pendentes de cobro a 31 de decembro.

VARIACIÓN DE RESULTADOS ORZAMENTARIOS DE EXERCICIOS ANTERIORES: pon de manifesto as diferencias dos resultados orzamentarios co ano anterior.

24.3 – EXERCICIOS POSTERIORES.

COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES: recolle a partida orzamentaria, a súa descrición e os anos á aplicar.

COMPROMISOS DE INGRESO CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES: recolle a partida orzamentaria, a súa descrición e os anos á aplicar.

24.4. - EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE GASTO: entre eles recóllense todos aqueles proxectos de gasto que se levaron a través do módulo do programa contable e que as súas desviacións de financiamento supoñen parte dos axustes que se aplican nas magnitudes do resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

24.5 - GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO: recolle o código asociado ó gasto, os seus datos xerais, o axente financiador, e as desviacións de financiamento

Concello de Redondela



anuais, positivas e negativas e as desviacións de financiamento anuais acumuladas, positivas e negativas.

24.6. - ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos na tesourería a final do exercicio..	2.598.136,42
2. Dereitos pendentes de cobro:	
1.1 Do Orzamento corrente.....	1.504.069,47
1.2 De orzamentos pechados.....	11.385.925,90
1.3 De operacións non orzamentarias.....	40.894,53
3. Obrigas pendentes de pago:	
3.1 Do orzamento corrente.....	1.509.870,52
3.2 Dos orzamentos pechados.....	8.589,48
3.3 De operacións non orzamentarias.....	318.982,46
4. Partidas pendentes de aplicación:	
4.1 (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva.....	674.930,79
4.2 (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva.....	120,25
I. Remanente de Tesourería total.....	13.016.773,32
II. Saldos de dubidoso cobro.....	11.118.963,89
III. Exceso de financiamento afectado.....	333.294,38

REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS..

+1.564.515,05 €

REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL..... +13.016.773,32 €

25º) INDICADORES FINANCIEROS, PATRIMONIAIS E ORZAMENTARIOS.

26º) INFORMACIÓN SOBRE O CUSTE DAS ACTIVIDADES.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



27º) INDICADORES DE XESTIÓN.

22) FEITOS POSTERIORES Ó PECHE: infórmase de feitos ocorridos con posterioridade a data de peche e cuxo coñecemento considerase útil.

CONTAS ANUAIS DE RADIO REDONDELA, S.L.

A) BALANCE DE SITUACIÓN: Que expresa a composición e situación patrimonial da entidade o día do peche do exercicio; resulta cun total (ACTIVO e PASIVO) de: 15.812,41 euros.

B) CONTA DE RESULTADOS: Que recolle os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. Produciuse unha perda de 239,39 € (mais gastos que ingresos).

C) ESTADO DE CAMBIO NO PATRIMONIO NETO: Presenta as seguintes cifras:

a) Estado total de cambios no patrimonio neto (capital): sen variacións (3.005,06 €).

b) Saldo axustado, inicio do exercicio 2014: presenta un valor de 722,97 €.

c) Saldo axustado, final do exercicio 2014: presenta unha variación de 722,97 €.

D) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO: Presenta as seguintes cifras:

a) Aumento/Diminución neta do efectivo ou equivalentes: cunha variación positiva de -4.299,46 €.

b) Efectivo ou equivalentes ó comezo do exercicio: 2.744,35 €

c) Efectivo ou equivalentes ó final do exercicio: 1.183,63.

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA quere facer inciso na conta de servizos sociais, como as actividades coa infancia, familias conciliación, gastos primeira necesidade.



O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é un documento técnico e por isto contan co seu apoio. No ano 2015 estiveron dous gobernos municipais, hai unha mesma liña política por ser o mesmo partido político quen gobernou, non hai grandes variacións. Na política de servizos sociais non gastan todo aquilo que orzamentan, como en emerxencia social, só se gasta a metade do que estaba presupuestado de 60.000 €. En comedor escolar non se gasta a partida. Hai remanente en partidas pendentes de pago, hai moitas partidas que a 31 de decembro non teñen aboadas todo o gasto comprometido. Hai bases e convenios por aboar que afectan a asociacións e colectivos. Manifesta que esta dinámica ten que cambiar. Hai unha área chamativa que é a de cultura, como actividades culturais do concello, hai reducións, ... é unha área onde a política é inexistente. Remata dicindo que critica a xestión do goberno.

O concelleiro VARELA COUÑAGO da lectura ao seguinte escrito, cuxo texto copíase:

En primeiro lugar debemos dicir que os informes de intervención nos merecen o máximo respecto e credibilidade.

Sen dúbida facemos o mesmo que con calquera outro: ¡REVISALO!

Pero consideramos que pouco temos que dicir en canto ó análise de datos que se fai. Parécenos obxectivo, claro, completo e imparcial. Ata aí todo correcto.

Agora ben, señores e señoras do PP, dese retrato feito cos datos que nos aportan os servizos técnicos do concello SI QUE PROCEDE UNHA LECTURA POLÍTICA.

¿Qué dixeron que ían facer?, ¿Qué fixero? ¿Qué SEGUEN A DICIR?

Polo tanto debemos dicir que agradecemos o traballo realizado polos funcionarios do departamento de economía; Intervención e Tesourería.

PEROOOOOOO..

IMOS VER QUE NOS AMOSAN ESES DATOS:

Respecto dos gastos, chámanos a atención que nese ano 2015 (electoral por se a alguén lle esquece) temos as principais modificacións de crédito en "INVERSIÓN REALS" que pasaron mediante ese procedemento chamado "Modificación de créditos" sen control plenario e as incorporacións de remanente..... Pasaron de 1.606.532,82 a 4.966.948,52€.

O que nos chama a atención destes datos é que con tanto incremento de inversión respecto das previsións iniciais "CANSÁRONSE DE DICIRLLE ÓS VECIÑOS QUE NON PODÍAN ATENDER AS SÚAS DEMANDAS DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS" ¡MANDA CARALLO NA HABANA!

Puderon gastar bastante máis do dobre do que tiñan orzamentado pero non atender os requerimentos das parroquias.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



En O.inv. novas en infraest. e bens uso xeral pasaron de 324.990,19 a 1.068.610,89

En Outras inversións de reposición de infraest pasaron de 178.663,77 a 1.850.448,42

¡PERO NON PUIDERON ATENDER AS DEMANDAS DOS VECIÑOS SOLICITADAS A TRAVÉS DOS CONSELLOS PARROQUIAIS POLA VÍA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS!

CASE TRES MILLÓNS GASTADOS!

Vemos que partindo dun orzamento inicial de 16.780.256,19 chegamos a un final de 20.785.996,51€ co cla chegaron a propornos no 2016- 18.503.389,06€

Concretando cousiñas “simpáticas”

Gástanse e Mantemento depuradora de Redondela e Teis 173.364,16€. E a bo fe que se manteñen. Polo menos a de Redondelea mantense. Segue fedendo que mete medo. Mantense. Polo que case lles propoñemos que gasten parte deses 173.364€ en ambientadores e máscaras para o alumnado da zona escolar. Seguiría sendo mantemento e melloraría a situación dos que padecen ese “manterse” nas mesmas.

Claro que hai que engadir o Mantemento depuradora Chapela con outros 172.008,28€. Con eses cartos podiamos vaporizar todo o concello con Chanel nº 5.

Tampouco andan moi finos co Plan eliminaición barreiras arquitectónicas para o que se orzamentan 11.975,23 e gástase a increíble cantidade de ¡CERO EUROS! Para ser ano electoral e fichar para o seu cartel electoral a unha persoa con mobilidade reducida non está nada mal.

Se facemos unha análise das partidas incrementadas, MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, vemos que onde máis inciden e na Subfunción 1 na que o incremento de gasto chega a un 27 % sobre os créditos iniciais.

Recórdolle o que abarca:

- 1321A: SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO
- 1341A: PROTECCIÓN CIVIL
- 1511A: URBANISMO
- 1511D: CARPINTERÍA
- 1551A: VÍAS E OBRAS
- 1611A: ABASTECIMENTO E DISTRIBUCIÓN DE AUGA
- 1621A: RECOL, ELIMIN, TRATAM RESIDUOS
- 1631A: LIMPEZA VIARIA
- 1651A: ALUMEADO PÚBLICO

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



- 1701A: MEDIO AMBIENTE
- 1711A: PARQUES E XARDÍNS
- 1791A: OUTRAS ACTUACIÓN DE MEDIOAMBIENTE

Dentro destas destaca, COMO NON:

Vías e Obras: con modificacións por valor de

1.191.571,36€ Parques e Xardíns: con

modificacións por valor de 391.407,86€

¡XA VAI MILLÓN E MEDIO!

E, tamén Abastecemento e Distribución de auga cunhas modificacións de 471.605,15€

EN TOTAL SUMAN 2.054.584,37€

E sin poder facer o que os veciños querían.

A execución de Servizos Sociais merece

un capítulo aparte. Pero falemos algo de

INGRESOS:

Xa que estamos en plena polémica. E parece que as contas non son o punto forte da voceira do PP temos que comentar algunha cousiña.

Impuesto s/incremento valor terreno: Dereitos recoñecidos 774.665,27

PEROOOOOOO

Sra Amoedo, vostedes tiñan orzamentados 270.396,61€.

Tendo en conta que, según datos do servizo de Recadación como devengo para 215, temos 270.844,44€ As contas non estaban mal.



Non será que a diferenza está na vía executiva que nos provoca un desfase de 500.000€ por cobrar os atrasos. ¿SERÁ?

Sabe, supoñemos, que a diferenza correspóndese coa recadación de anos anteriores.

E moitos dos casos veñen referidos a unha norma anterior a que se aprobou no 2013.

Polo que, un cambio de norma só afecta á recadación ordinaria. Malamente se pode falar dunha perda de recadación de máis de 500 mil euros cando por ano de devengo non se alcanza, nin por asomo dita cantidade.

Somos bos e consideramos que as súas declaracións son produto da ignorancia e non da mala fe. Pero estaría ben que as rectificara.

Mire vostede:

No 2016 a 30 de xuño hai uns dereitos recoñecido por este apartado de 310.976,76 e unhas previsións iniciais de 624.100,23.

¿Quere dicirnos que a previsión dos técnicos ´dunha previsión de 624.100€ pasará a 60.000€? Tampouco aclara vostede cal sería a incidencia da súa proposta “Lo que el Partido Popular proponía era una importante bajada pero además era prudente y justa.”

Vexamos cales eran as previsións do Sr Alcalde a 14 de setembro:

Ingresos Correntes:

- Derivados de modificacións políticas -565.784,54

¡QUE CURIOSO! Non se lle parece moito á cifra que vostede anuncia na prensa. Parece que vostedes están a poñer a venda antes da ferida e agora xa teñen culpables.

PERO XA RESULTA ASOMBROSO QUE NESE MESMO DOCUMENTO O SR. ALCALDE FAGA UN PREVISIÓN CON DATOS DO 8/9/2016 DUNHA RECADACIÓN QUE DEIXA Á Sra Amoedo en moi mal lugar:

Imposto sobre Incremento de Valor de los Terreos de Naturais Urbana: 428.063,29€ en base a DRN a 08- 09 e que lle fan prever para 2017 unha recadación de 262.278,75€ (-165.784,54)

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Pois vai ser, según a declaración da Sra Amoedo que o concello, despois da aprobar a proposta da oposición en vez de recadar vai ter que pagar.

En fin. O informe está ben, e agradecemos o traballo realizado polo que lle damos a nosa aprobación sen máis consideracións neste momento.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que van apoiar o punto porque é un documento técnico aínda que hai carencias. Fai mención ao aumento dos reparos, 132 que tan só 41 están resoltos. Non fan o uso debido dos vales como advirte intervención. Logo fai unha análise das contas. Como a de servizos sociais, o gasto en emerxencia social foi inferior á metade. Gastouse en modificacións de crédito e non nesta partida que é unha das máis importantes. En outras con gastos cero, como a de inclusión social, ludoteca, prevención e reinserción social, acollida a refuxiados.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta dicindo que o gasto de servizos sociais dependen dunha demanda e sobre as bases gástase nesa área. Ela non decide a quen se lle da e a quen non. A realidade é que a partida de servizos sociais está súper dotada de orzamento. O PP aumentou partidas para que non houbera problemas nas áreas de servizos sociais. Respecto á publicidade das iniciativas sociais, o departamento da información sobre as axudas, así como a concelleira atende á xente, trátase de dar solución á xente. Non entende a postura de AER, xa que di unha cousa no seu programa e logo fan outra. Remata dicindo que teñen as partidas suficientemente dotadas para que non queden sen cartos.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que van votar a favor pero reitera o exposto na súa intervención.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO resposta á concelleira Amoedo Dasilva que a súa función é dotar as partidas, fala da aprobación dos orzamentos en consenso, pero sacan os seus orzamentos sen o apoio da oposición e non son capaces de atender a súa xestión. Di que fai máis de sete anos creouse con fondos propios do Concello a segunda Unidade de Servizos Sociais en Chapela, con participación cero da Xunta de Galicia. Hai obrigas pendentes de pago e partidas con remanente, como os comedores escolares, xestión de actividades de carácter cultural e actividades deportivas. Remata dicindo que apoia o documento por ser técnico pero non a xestión do goberno.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que os datos están ahí, reitera o dito na primeira intervención, agradece aos funcionarios polo seu traballo e lle resposta á concelleira Amoedo Dasilva que non decide a quen lle da e a que non. Remata a súa intervención dicindo que deixen de falar de AER e traballen.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que os números demostran a súa política. Hai problemas para acadar subvencións. Diríxese á concelleira Amoedo Dasilva cando fala que crearon as axudas de emerxencia social pero a fixeron todos, respecto aos orzamentos participativos segue sen o seu regulamento. Logo analiza máis partidas, como a das asociacións das ANPAS que se recortan as axudas. Partidas de xuventude coa mesma cantidade como en anos anteriores. Outras partidas que non gastan, como as de campaña de consumo, actividades culturais, festas patronais. Van apoiar por responsabilidade pero non concordan coa política de gasto.

Concello de Redondela



A concelleira AMOEDO DASILVA resposta ao concelleiro González Campo respecto á creación da segunda Unidade de Servizos Sociais en Chapela, que lles faltaba o posto de educadora social que logo o equipo de goberno o dotou. Ao concelleiro Varela Couñago lle di que ten dereito a analizar a súa política e intervencións. Ao concelleiro Álvarez Castro lle indica que se contradice en todo momento, respecto á ordenanza de emerxencia social, a primeira foi feita polo PP. Contradícese porque di que non teñen partida e logo dicen que gastan menos. Di que son previsores e que as partidas teñen que estar suficientemente dotadas para que non haxa problemas. LLe di que tiveron tempo de cambiar as políticas sociais en Redondela e non fixeron nada. A publicidade que se daba era cero respecto a axudas de servizos sociais. Remata a súa intervención que en programación cultural van sobrados e con calidade.

Rematada a intervención da concelleira Amoedo Dasilva, o Alcalde chama á orde por primeira vez á Sra. Rivas Gómez.

VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo 19 votos a favor (8 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

E, sendo as nove horas e dez minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-